

A LITERATURA GALEGA MEDIEVAL II

1. A cantiga de escarnio e maldicir

- 1.1. Introducción**
- 1.2. Cantiga de escarnio e cantiga de maldicir**
- 1.3. Estrutura das cantigas de escarnio e maldicir**
- 1.4. Clasificación temática das cantigas de escarnio e maldicir**
- 1.5. Escolma de textos**

2. Os xéneros menores

3. As Cantigas de Santa María

- 3.1. Introducción**
- 3.2. Códices e cronoloxía**
- 3.3. As fontes**
- 3.4. Clasificación e distribución temática**
- 3.5. Interpretación das Cantigas de Santa María**

4. A prosa medieval

- 4.1. Introducción**
- 4.2. A narrativa**
 - 4.2.1. A materia de Bretaña**
 - 4.2.2. A materia de Troia**
- 4.3. A haxiografía e o ciclo carolinxio**
- 4.4. A prosa historiográfica, xurídica e didáctica**

A CANTIGA DE ESCARNIO E MALDICIR

INTRODUCCIÓN

O terceiro dos xéneros principais da lírica profana galego-portuguesa está composto por 430 cantigas e, dos tres, é o máis heteroxéneo; tamén é, polo tanto, o máis difícil de identificar e definir.

O SIRVENTÉS PROVENZAL

A orixe da cantiga de escarnio e maldicir atópase tamén na Provenza, onde existía unha modalidade satírica que recibiu o nome de **sirventés**; na forma segue os esquemas da cansó, aínda que se afasta desta nos motivos e temas.

Fálase de tres temáticas para este sirventés provenzal:

- **Sirventés moral:** tiña por motivos a dexeneración da cabalería, a rudeza dos nobres e a corrupción do clero.
- **Sirventés persoal:** era composto para o ataque directo a persoas concretas, que ás veces podía mesturarse coa bandeira política do aldraxado.
- **Sirventés político:** fai relacións de acontecementos como a loita dos reis de Inglaterra cos señores feudais franceses ou a cruzada albixense.
- **Sirventés literario:** eran as pugnas entre trovadores e xograres.

No caso da cantiga de escarnio galego-portuguesa, é ben posible a presenza dunha tradición satírica que se desenvolve e se mesturase con esoutra occitana. A nosa cantiga escarnina presenta unha íntima **relación co mundo do entroido, da festa da fin do inverno**. O carácter satírico e burlón aparece xa na tradición latina, pero súmase aos costumes pagáns autóctonos.

Aínda aceptada a natureza literariamente carnavalesca da cantiga escarnina galego-portuguesa, non debemos esquecer que esta aparece ao amparo da corte. O trobar burlesco é moitas veces tan convencional coma os outros; polo tanto, non debemos consideralo unha crónica realista de sucesos certos, senón un xogo de trovadores. De feito, é perceptible que a censura afectou os trovadores da escala máis baixa, aínda que non alcanzaba do mesmo xeito os que, por exemplo, facían referencia a unha relación entre xograres e trovadores.

CANTIGA DE ESCARNIO E CANTIGA DE MALDICIR

Os diferentes investigadores teñen falado das dificultades de clasificar o xénero fronte á homoxeneidade das cantigas de amor e de amigo. Unha das dúbidas de maior calado é se cómpre distinguirmos entre cantigas de escarnio e cantigas de maldicir.

Segundo a *Arte de trovar*, cantigas de escarnio serían aquelas nas que se quere falar mal de alguén «por palabras cubertas», a través da **equivocatio**; as cantigas de maldicir serán, daquela, as «que fazen os trobadores descubertamente».

Baixo a etiqueta da equivocatio operarían diversos procedementos como a diloxía, o xogo de palabras, os calembures e as disociacións.

A **diloxía** baséase na disemia (dobre significado) dun termo cuxos diferentes sentidos son aproveitados polo trobador para conseguir determinados efectos. Sería un recurso definidor das cantigas de escarnio e de uso moi frecuente nas cantigas de fondo erótico-sexual, como se pode ver no cadro da dereita.

Os trobadores utilizaron un vocabulario que lles permitise unha gran liberdade artística e que garantise, ao mesmo tempo, a perfecta intelixibilidade da mensaxe. Con respecto ás cantigas de temática sexual, por exemplo, atopamos palabras de uso frecuente:

- ✚ Para o sexo feminino: «casa», «pousada», «prisión», «maeta» ou «furaco» e «fendedura».
- ✚ Para o sexo masculino: «madeira» ou «peça».
- ✚ Para o acto sexual: «guerra», «batalha» ou «lide».

Na seguinte cantiga observamos o uso da diloxía en palabras como *maeta*, que representa o sexo de María Pérez, unha soldadeira que se converteu en diana de moitas cantigas do xénero.

Maria Pérez, a nossa cruzada,
quando veo da terra d'Ultramar,
assi veo de perdom carregada
que se nom podia com el merger;
mais furtam-lho, cada u vai maer,
e do perdom já nom lhi ficou nada.

E o perdom é cousa mui preçada
e que se devia muit'a guardar;
mais ela nom há maeta ferrada
em que o guarde, nen'a pod'haver,
ca, pois o cadead'en foi perder,
semp'r'a maeta andou descadeada.

Tal maeta como será guardada,
pois rapazes albergam no logar,
que nom haj'a seer mui trastornada?
Ca, o logar u eles ham poder,

nom há perdom que s'i possa asconder,
assi sabem trastornar a pousada.

E outra cousa vos quero dizer:
tal perdom bem se devera perder,
ca muito foi cousa mal gaada.

Pero da Ponte

ESTRUTURA DAS CANTIGAS DE ESCARNIO E MALDICIR

Nun gran número de poemas burlescos aparece unha caracterización formal que determina a pertenza xenérica de cada poema. Deste xeito, podemos atopar un esquema narrativo moito máis estable e duradeiro que o que podemos atopar nunha cantiga de amor ou de amigo. Se ben é certo que predomina a función lírica, a existencia deste esquema narrativo resulta claramente constatable:

I. Un número importante de cantigas configúranse pola aparición na primeira estrofa dunha **narración-exposición que serve para adscribir a cantiga a este xénero e como sinal inequívoco do tema tratado.**

II. A segunda estrofa non incide nese enfoque narrativo, o seu carácter é de ton lírico e desenvólvese, conxuntamente coas seguintes, dentro dun plano paralelístico tendente a **reproducir variacións sobre o motivo tratado**, ou ben glosas satíricas sobre él, cando non unha breve meditación moral.

III. O resto de estrofas **insisten no dito nas dúas primeiras ou serven de elementos acumulativos que adornan e completan o dito nos versos anteriores.** O obxectivo reside en producir, a partir da gradación e mais da acumulación, o efecto burlesco entre o público.

CLASIFICACIÓN TEMÁTICA DAS CANTIGAS DE ESCARNIO E MALDICIR

A heteroxeneidade temática das cantigas de escarnio e maldicir lévanos a agrupalas segundo os motivos que tratan. Daquela, habería seis tipos de cantigas escarninas:

- ✦ **As composicións de temática obscena:** un dos argumentos preferidos polos trobadores é o escarnio obsceno contra soldadeiras, maridos enganados ou homosexuais, é dicir, contra aqueles individuos que actúan de forma heterodoxa con respecto aos modelos socialmente respectados, que se saen das normas da sociedade. A muller aparece nas cantigas burlescas desde unha perspectiva que destaca a súa posición marxinal na sociedade. O sexo feminino está a disposición dos designios masculinos e iso provoca que as soldadeiras fosen un dos motivos preferidos das cantigas máis obscenas. María Pérez, a Balteira, mereceu un notable grupo de composicións.

- ✚ **Os textos satíricos ou burlescos de costumes:** a práctica totalidade dos diferentes grupos sociais e profesionais, cos seus diferentes costumes e vicios, foi obxecto de burlas dos trovadores. A crítica podía estar dirixida a un individuo concreto que podía representar unha corporación ou colectivo determinado. Os novos ricos, os infanzóns, son obxecto de críticas frecuentes, pero tamén os relixiosos e todos os graos da xerarquía eclesiástica aparecen implicados no mundo escarnino, ademais de médicos, xuíces, mercaderes, adiviños ou astrólogos.
- ✚ **A sátira política:** non son frecuentes as composicións políticas, como si acontece nos sirventeses provenzais. Con todo, atopamos composicións sobre a guerra civil entre Don Sancho II de Portugal e o seu irmán, o Conde de Bolonha —futuro Afonso III de Portugal— e sobre a covardía dalgún cabaleiros cristián durante as guerras que Afonso X sostivo contra os musulmáns.
- ✚ **A sátira literaria:** a sátira literaria aparece motivada en moitas ocasións por mor da xerarquía social, produto dunha lírica interclasista na que actuaban axentes de distintas clases sociais. Moitos trovadores atacaron aos xograres, e un destes, Lourenço, que intentaba subir os chanzos da escala social grazas á calidade da súa obra, foi vítima de diversas composicións
- ✚ **A sátira moral:** nos sirventeses morais os poetas amosaron a súa amargura ou desconformidade perante un mundo hostil. No caso galego-portugués non son un gran número de cantigas, mais tocaron tópicos propios da época.
- ✚ **As composicións de carácter paródico:** a parodia trovadoresca dirixiuse especialmente cara ao mundo do amor cortés e mais ao da poesía histórica e épica, coma a Chanson de Roland francesa.

ESCOLMA DE CANTIGAS DE ESCARNIO E MALDICIR

TEXTO 1

A um frade dizem escaralhado,
e faz pecado quem lho vai dizer,
ca, pois el sabe arreitar de foder,
cuid'eu que gai é, de piss'arreitado;
e pois emprenha estas com que jaz
e faze filhos e filhas assaz,
ante lhe dig'eu bem encaralhado.

Escaralhado nunca eu diria,
mais que traje ante caralho ou veite,
ao que tantas molheres de leite
tem, ca lhe parirom três em um dia,
e outras muitas prenhadas que tem;

e atal frade cuid'eu que mui bem
encaralhado per esto seria.

Escaralhado nom pode seer
o que tantas filhas fez em Marinha
e que tem ora outra pastorinha
prenhe, que ora quer encaecer,
e outras muitas molheres que fode;
e atal frade bem cuid'eu que pode
encaralhado per esto seer.

Fernando Esquio

TEXTO 2

Fernam Diaz, fazem-vos entender
que casariades desta dona bem;
e nós teemos que vos é mal sem,
per quant'est o que vos quero dizer:
porque a dona é de terra tal,
Dom Fernando, que per bem nem per mal
nom poderedes i um hom'haver.

Ante faredes i vosso prazer
em quererdes com tal dona casar,
Fernam Dias! Ca é de [tal] logar
que nom poderedes, per nêum poder,
haver nulh'home; ca as gentes som
de tal natura, se Deus mi perdom,
que nom querram i su vós guarecer.

E sei, Dom Fernando, per quant'aprendi,
nom poderedes esta dona haver,
ca seus vassalos, com'ouço dizer,
nom querem hom'estranho sobre si:
ca dizem que sabedes lousinhar
home deant'e sabedes buscar
gram mal detrás a muitos, com'oí.

Estêvão Faião

TEXTO 3

Os beesteiros daquesta fronteira,
pero que cuidam que tiram mui bem,
quero-lhis eu conselhar ãa rem:
que nom tirem com Maria Balteira;
ca todos quantos ali tira[ro]m
todos se dela com mal partirom
assi é sabedor e arteira.

Tirou ela com ãã beesteiro,
destes d'el-rei, que sabem bem tirar;
e primeira vez, polo escaentar,
leixou-s'i logo perder um dinheiro

e des i outr'; e pois esqueentado,
tirou com el[e], e há del levado
quanto tragia [a]tẽ no bragueiro.

Os beesteiros dos dous carreirões
tiraram com ela, e[m]pós o sinal;
nem os outros, que tiravam mui mal,
acertarom a dous dos pipeões;
e forom tirando e bevendo do vinho;
o beesteiro, com'era mininho,
nom catou quando s'achou nos colhões!

Pero Garcia de Ambroa

TEXTO 4

Pero da Ponte, paro-vos sinal
per ante o demo do fogo infernal,
porque com Deus, o padr'espírital,
minguar quisestes, pois mal descreestes.

*E bem vej'ora que trobar vos fal
pois vós tam louca razom cometestes.*

E pois razom [a]tam descomunal
fostes filhar, e que tam pouco val,
pesar-mi-á en, se vos pois a bem sal
ante o diabo, a que obedecestes.

*E bem vej'ora que trobar vos fal
pois vós tam louca razom cometestes.*

Vós nom trobades come proença,
mais come Bernaldo de Bonaval;
por ende nom é trobar natural
pois que o del e do dem'aprendestes.

*E bem vej'ora que trobar vos fal
pois vós tam louca razom cometestes.*

E por en, Dom Pedr', em Vila Real,
em maao ponto vós tanto bevestes.

Afonso X

OS XÉNEROS MENORES

Ademais dos tres grandes xéneros, habería outras modalidades dentro da lírica medieval menos traballadas polos trobadores e xograres e que, dado o escaso número de cantigas de cada tipo coas que contamos, quedan en segundo plano.

- ✚ **Tenzón:** trátase dunha modalidade dialogada na que dous autores discuten sobre un asunto. En principio, podería tratarse de calquera tema, pero na nosa lírica medieval case sempre van ser diatribas literarias ou relativas a outras temáticas propias da cantiga escarnina, polo que moitas veces se ven incluír dentro das cantigas de escarnio e maldicir.
- ✚ **Pastorela:** é unha composición narrativa e dialoga na que se relata o encontro entre unha pastora (pastor) e un cabaleiro; o cabaleiro vai facerlle un requirimento amoroso á rapaza e esta, como resposta, pode concederllo ou non.
- ✚ **Pranto:** trátase dunha composición de carácter lírico con motivo dunha desgraza, xeralmente a morte dunha persoa ou a destrución dunha cidade.
- ✚ **Lais:** os lais son unha serie de cantigas sobre asuntos do ciclo artúrico.

Existen tamén outras modalidades coma a **cantiga de seguir** ou o **descordo**, mesmo algún xénero do que non conservamos textos, pero si referencias noutras cantigas, como a **cantiga de vilán**.

AS CANTIGAS DE SANTA MARÍA

INTRODUCCIÓN

Ademais de compoñer un bo número de cantigas profanas, o rei Afonso X destaca especialmente dentro da nosa literatura medieval por ser o artífice das Cantigas de Santa María, unha obra monumental dedicada á Virxe que se enmarca nun conxunto de obras europeas dedicadas a esta figura relixiosa durante a Idade Media.

Non coñecemos con seguridade que porcentaxe das cantigas foron compostas polo propio monarca, que contaba cun obradoiro de escritores, e os expertos no se poñen de acordo no tema, pero aínda considerando que non se trataría dunha obra composta en exclusiva por Afonso X, si se tende a pensar que o rei sería o autor nun gran número de cantigas relixiosas.

CÓDICES E CRONOLOXÍA

A día de hoxe, coñecemos as Cantigas de Santa María a través de catro códices procedentes da propia corte afonsina, isto é, do século XIII:

- ✦ **Códice de Toledo (To) ou da Biblioteca Nacional de Madrid:** 160 follas de pergamino e 128 cantigas. Semella unha copia posterior á primeira colección.
- ✦ **Códice do Escorial (T) ou Códice rico:** 256 follas con 193 composicións con notación musical e 1262 miniaturas en 210 láminas. Inclúe unha prosificación en castelán das primeiras vinte e cinco cantigas, que poden presentar importantes diferenzas coa orixinal.
- ✦ **Manuscrito da Biblioteca Nacional de Florencia (F):** 131 follas conservadas de 166, con 104 cantigas. Está incompleto, hai cadros sen rematar e non ten notación musical.
- ✦ **Códice do Escorial (E) ou Códice dos músicos:** 6 follas de papel e 361 de pergamino. Contén 417 cantigas, 40 miniaturas e notación musical.

A pesar das lagoas e das dúbidas que aínda temos sobre como foron elaboradas todas as CSM, considérase que a súa creación constaría de tres fases:

- I. **1270-1274.** Unha primeira etapa integrada por un cancionero, hoxe perdido, antecedente de To. Comezaría coa primeira cantiga «Esta é a primeira cantiga de loor de Santa María», á que seguirían outras cen. A última do volume será «Macar cen cantares acabei e con son».

II. **1274-1277.** Afonso X decidiu duplicar o número de cantigas, cuxo resultado foi T. Engadiríanse varios apéndices e a prosificación en castelán das vinte e cinco primeiras.

III. **1277-1284.** O rei intenta levar adiante un outro volume con duascientas cantigas máis: F, que quedou inacabado. Á vez, Afonso X propón unha nova colección, E, máis modesta que T e F, pero con todas as cantigas: un total de 417, o que a converte na colección máis numerosa.

A data final da composición das CSM podería situarse entre 1282 e 1283, posíbel data de redacción da cantiga 393.

AS FONTES

Para redactar as CSM, Afonso X e os seus axudantes recolleron información sobre a Virxe María de diversos lugares e obras. Podemos distinguir seis grupos esenciais de fontes:

- ✚ Mariais latinos da Idade Media.
- ✚ Narracións latinas de carácter máis xeral en que aparecen milagres marianos.
- ✚ Coleccións de milagres marianos, escritos no mesmo século XIII en linguas romances.
- ✚ Coleccións procedentes de diferentes santuarios peninsulares.
- ✚ Consellas orais.
- ✚ Impresións e lembranzas do mesmo rei ou dos seus colaboradores.

No que se refire a narracións de carácter universal, as CSM acoden á literatura de carácter haxiográfico que existía en occidente desde o século X, especialmente obras de procedencia francesa e alemá. Por outra banda, varios santuarios peninsulares tiñan coleccións de seu. En canto a obras escritas en romance, destacarían *Les miracles de la Sainte Vierge*, de Gautier de Coincy.

CLASIFICACIÓN E DISTRIBUCIÓN TEMÁTICA

O esquema clásico á hora de clasificar as cantigas de santa María divídeas en dous grandes apartados: cantigas narrativas e cantigas líricas.

- ✚ **Cantigas narrativas:** o primeiro destes dous grupos está constituído por aquelas composicións nas cales asistimos a un relato onde o seu protagonista aparece en debate co pecado ou diante dun perigo inminente. Tan só a intervención marabillosa da Virxe logra

A organización destes textos responde ao seguinte esquema:

- ✚ Introducción acerca do milagre que vai ser relatado, seguido dunha máxima que logo se repetirá ao final de cada estrofa en forma de refrán.
- ✚ Relato do milagre.
- ✚ Conclusión moral.

resolver satisfactoriamente a conxuntura, polo que a cantiga finaliza sempre con agradecementos e loanzas á figura de santa María.

- ✚ **Cantigas líricas:** o segundo apartado dentro das cantigas de santa María está composto polas cantigas líricas. Trátase de composicións que decorren por dúas vías esenciais: unha que segue o modelo das cantigas de amor e outro que provén de inspiración litúrxica. O primeiro conxunto, conformado polas cantigas de loor, segue, daquela, o modelo da cantiga de amor trobadoresca. Estas composicións aparecen intercaladas entre cada nove cantigas, ocupando os números 1, 10, 20, 30... Nelas, Afonso X reitera nelas a súa decisión de converterse en trobador da Virxe.

En canto á clasificación das cantigas por temas e motivos, e á marxe das cantigas de líricas, atopamos as seguintes temáticas:

- ✚ Milagres que exaltan a María como auxiliadora do seus devotos, sanadora dos doentes, consolo dos que padecen algunha aflición etc.
- ✚ Milagres que loan as virtudes cristiás: oración, penitencia, caridade, castidade etc.
- ✚ Milagres que critican e reprenden pecados e costumes deshonestos: blasfemia, roubo, inxuria, orgullo, soberbia, luxuria etc.
- ✚ Milagres a prol de santuarios e igrexas marianas.
- ✚ Visións, animacións de obxectos e imaxes da Virxe.
- ✚ Cantigas que fan mención dos feitos dedicados a María.
- ✚ Cantigas que lembran e exaltan os misterios máis significativos do cristianismo: a Creación, o nacemento e a resurrección de Cristo etc.

INTERPRETACIÓN DAS CANTIGAS DE SANTA MARÍA

A obra haxiográfica do rei sabio cumpre unha serie de funcións que van máis alá do literario. Deste xeito, debemos entender as CSM desde diversas perspectivas:

- ✚ **As cantigas como marioloxio.** Afonso X considérase a si mesmo como «trobador da Virxe», e a obra establece un intento cultural completo por situala no punto máis alto do universo, como a «dona das donas».
- ✚ **As cantigas como exemplos.** O refrán ten un carácter de aforismo que lembra a necesidade de se encomendar á Virxe. Ás veces actúa como unha obra de tese; outras, con carácter didáctico.

- As cantigas como colección. As CSM teñen un carácter enciclopédico de vontade universalizadora e de compendio co que Afonso X busca realizar unha auténtica guía mariana.

Máis alén de todo isto, non debemos esquecer a vontade política e propagandística do monarca cando realizou esta obra. Por unha banda, pretendía restarlle importancia a Santiago de Compostela poñendo á Virxe, vencellada a Toledo, por riba do Apóstolo, nun momento no que o centro de poder se desprazara desde o noroeste peninsular (Galicia e León) cara ao centro (Toledo). Polo outro lado, é evidente a vontade de propagar o cristianismo, a través do culto á figura da nai de Xesucristo, nas terras do sur, nese momento aínda dominadas, en parte, polos musulmáns.



Códice do Escorial (T) ou Códice rico



Códice do Escorial (E) ou Códice dos músicos

A PROSA MEDIEVAL

INTRODUCCIÓN

Fronte á importancia do legado da lírica medieval, a prosa galego-portuguesa quedou sempre nun segundo plano e non recibe a mesma atención que as cantigas trobadorescas, algo en parte xustificado pola orixinalidade e calidade da lírica e porque, no caso da prosa, estamos en case todos os casos ante traducións doutras linguas europeas. Porén, non debemos restarlle toda a súa importancia, pois esa era unha dinámica habitual e, precisamente, a existencia desas traducións fala da relevancia do galego-portugués dentro das linguas da Europa occidental.

Cando estudamos a produción prosística medieval na nosa lingua, distinguimos tres tipos de textos:

- ✚ A narrativa, as historias antecesoras da novela.
- ✚ A haxiografía, as vidas e milagres de santos.
- ✚ A historiografía, os textos xurídicos e didácticos.

É, de feito, neste último grupo onde atopamos os primeiros textos redactados en galego-portugués. Falamos da noticia do Torto (1214?), un documento no que Lourenço Fernandes da Cunha fai un relatorio das malfeitorías feitas polos fillos de Gonzalo Ramires, e que foi atopado no mosteiro de Vairãoao norte do Porto, e mais do Foral do Burgo de Castro Caldelas (1228), un documento no que o rei Afonso VIII lles outorga aos cidadáns de Allariz os seus foros e regula o seu réxime. Este sería o primeiro atopado no territorio da actual Galicia.

A NARRATIVA

A narrativas recolle os relatos de fazañas e actos heroicos, en consonancia coas historias de cabalarías que triunfan ao final da Idade Media, que será o xermolo da novela moderna.

Estas obras, seguindo o criterio do poeta francés do século XII Jean Bodel, debían tratar unhas temáticas concretas:

- ✚ A materia de Bretaña, ou ciclo artúrico
- ✚ A materia ou ciclo de Troia
- ✚ O ciclo carolinxio

Dentro da nosa literatura medieval debemos atender especialmente aos dous primeiros ciclos, mentres que trataremos o ciclo carolinxio dentro do apartado da haxiografía, debido a que estes textos aparecen enmarcados dentro d'*Os miragres de Santiago*.

A MATERIA DE BRETAÑA

A definitiva expansión para a narrativa artúrica procede da obra en francés de Chrétien de Troyes, que levou adiante o seu labor entre 1160-1190.

Entendemos a Materia de Bretaña (ou ciclo artúrico) como a combinación de lendas procedentes das illas británicas, das que saen personaxes do rei Artur, a raíña Xenebra, o mago Merlín etc., co inevitable verniz do cristianismo, tanto por certos elementos da trama como polo contido moralizante. Así, o Graal aparece definitivamente contemplado como o cáliz no que Cristo consagrou a Eucaristía durante a Derradeira Cea, Artur e os membros da Mesa Redonda aparecen como espello das virtudes do cabaleiro cristián e a demanda do santo Graal conclúe a mesma procura esforzada da salvación eterna.

Na actualidade conservamos diferentes textos en galego-portugués que fan referencia a este ciclo:

- ✦ **Estoria do santo Graal** (tamén coñecido como o *Libro de Xosé de Arimatea*). O texto relata as orixes do Graal, dando noticia dos poderes sobrenaturais que nel concorren.
- ✦ **Libro de Merlín**. Xira arredor da figura do célebre mago e das súas profecías sobre o Graal. Conservamos apenas uns fragmentos procedentes do século XIV.
- ✦ **A Demanda do santo Graal**. Refire as aventuras dos cabaleiros da Mesa Redonda na procura do vaso sagrado).

Ademais, conservamos outras referencias artúricas en galego-portugués entre as que destaca un fragmento do *Libro de Tristán* —referido a este cabaleiro da Mesa Redonda— datado no século XVI.

A MATERIA DE TROIA

Como xa sinalamos, a guerra de Troia —cantada por Homero— estaba entre aqueles episodios que Jean Bodel consideraba dignos de tratamento literario. Non obstante, durante a Idade Media non foron a Iliada e a Odisea os textos fundamentais acerca da lenda troiana. Antes ben, o *Ephemeris belli troiani* —que finxía ser unha tradución dun orixinal grego— e mais *De exidio Troaie historia* —presentado como unha versión da historia— están nos alicerces do ciclo clásico ou troiano que, en todo caso, tivo na figura do poeta francés Benoît de Sainte-Maure, arredor de 1165, o seu verdadeiro propagador.

Conservamos no noso espazo dous textos que forman parte da Materia de Troia:

- ✦ **Crónica troiana.** Consiste nunha obra rematada, no século XIV, por parte do capelán dos condes de Andrade, Fernán Martís.
- ✦ **Historia troiana.** Estamos diante dun texto bilingüe, con partes en castelán e partes en galego, datado no século XIV.

A HAXIOGRAFÍA E O CICLO CAROLINXIO

As actas dos mártires constitúen a orixe da haxiografía, isto é, a narración dos milagres levados a cabo por santos e beatos. Escritas unhas veces para as mino-rías e outras para un público amplo, as haxiografías tiveron unha importancia decisiva para a consolidación da prosa nas linguas romances. No tocante ao espazo galego-portugués, por volta do século XIV temos xa a *Compilación valeriana*, ao tempo que deberon circular, ao norte e sur do Miño, outros diversos textos da mesma índole.

Pola súa parte, as diversas fazañas e aventuras relacionadas co mundo do emperador Carlos Magno adquiriron unha dimensión tal durante a Idade Media que un bo número de estudosos fala mesmo da existencia dun denominado ciclo carolinxio.

Relacionado con estas dúas traxectorias (a haxiográfica e as aventuras carolinxias) xorde un volume que constitúe unha verdadeira alfaia dentro da nosa prosa medieval: trátase dos *Miragres de Santiago*, redactado a fins do século XIV ou comezos do XV, que en realidade é unha tradución incompleta do *Liber Sancti Jacobi* ou *Códice calixtino*, manuscrito latino do século XII. Os *Miragres* conforman un volume de contido variado, por canto se inclúen nel o relato de varios milagres realizados polo apóstolo Santiago á beira da narración da translación da cabeza de Santiago Alfeo, das heroicidades de Carlos Magno na Península ou da presenza dunha «Guía de Peregrinos» que inclúe unha singular descrición da catedral e mais da cidade da Compostela do século XII.



A PROSA HISTORIOGRÁFICA, XURÍDICA E DIDÁCTICA

Ao longo de toda a Idade Media rexistramos unha abundante documentación na nosa lingua que se manifesta non só en contratos, cartas, obituarios..., senón tamén en textos de carácter historiográfico, xurídico e didáctico que se ben non destacan, loxicamente, polo seu valor

literario, si que posúen unha grande importancia dende o aspecto social, histórico e sociolingüístico, por constituíren os primeiros textos escritos en galego.

Como acontece noutras latitudes, os primeiros textos coñecidos, de carácter historiográfico, xorden entre nós en latín. Porén, a partir de mediados do XIII ou comezos do XIV, rexistramos a presenza dunha historiografía redactada en galego-portugués da que son boa mostra obras como a *Crónica xeral* e mais a *Crónica de Castela*, coñecida tamén como *Crónica xeral galega* e datada no século XIV. Outros textos medievais galego-portugueses, igualmente de carácter historiográfico, son a *Xeral historia*, a *Crónica galega de 1404* ou a *Crónica de Santa María de Iria*, derradeiro documento deste tipo redactado durante a Idade Media

Finalmente, posuímos tamén outro conxunto de obras de carácter xurídico ou didáctico, entre as cales cabe citar os diferentes fragmentos de traducións d'*As sete partidas* ou o *Tratado de albeitaría*.